

## REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO 2008

### 1.1. FUNCIONAMENTO XERAL PARA OS GRUPOS

- Poderá participar nesta programación calquera grupo de música ou solista que cumpra os requisitos especificados na ficha técnica/artística.
- Cada grupo especificará o seu caché, que en **ningún caso poderá superar os 800 € por concerto**.
- Na ficha técnica deberase describir o rider técnico necesario así como as restantes condicións precisas para o correcto desenvolvemento da actuación. Admitiranse acordos bilaterais entre a sala e o grupo que modifiquen o rider técnico, sempre e cando se formalicen por escrito.
- A información que introduzan os grupos poderá ser vista polos programadores das salas, aínda que os grupos poden promocionarse contactando cas salas, para elo teñen un directorio das salas participantes cos seus datos de contacto.
- Para que un grupo poida ser contratado necesita ter pechado un **mínimo de 6 concertos no ano**. Estas actuacións quedarán fixadas nun contrato entre o grupo e o IGAEM.
- O grupo poderá solicitar un adianto ata un 40% do importe total do contrato.
- O resultante da recadación da taquilla de cada concerto será o 50% para o grupo a partir da aportación da sala.
- Unha vez asinado o contrato o grupo deberá ter en conta:
  - o A cancelación reiterativa de actuacións suporá a cancelación automática do contrato.
  - o A alteración do calendario de actuacións estará suxeita á previa autorización por parte do IGAEM e deberá estar xustificada quedando limitada ao máximo do 20% das actuacións.

## 1.2. FUNCIONAMENTO XERAL PARA AS SALAS

- Cada sala participante na RGMV deberá contratar **un mínimo de 8 concertos**.
- Da programación anual de cada sala, un 25% pode ser de grupos non galegos.
- As salas deberán realizar as programacións nos tempos e prazos marcados polo IGAEM. Esta programación quedará fixada nun contrato asinado entre o IGAEM e cada unha das salas. De non asinarse ese contrato polas dúas partes, a programación non terá validez ningunha.
- A salas comprométense a facilitar o rider técnico descrito na ficha de cada grupo en cada un dos concertos que realice. Admitiranse acordos bilaterais que modifiquen o rider técnico, sempre e cando se formalicen por escrito.
- Calquera alteración do calendario de actuacións estará suxeita a previa autorización por parte do IGAEM, deberá estar xustificada e quedará limitada ao máximo do 20% das actuacións.
- A cancelación reiterativa de actuacións suporá a cancelación automática do contrato.
- O resultante da recadación da taquilla de cada concerto será do 50% para o grupo a partir da aportación da sala.
- A sala está obrigada a facilitar ao IGAEM as follas de taquilla e cubrir os datos de asistencia na páxina web: [www.galescena.info/musicavivo](http://www.galescena.info/musicavivo)
- Os grupos programados non poderán ser contratados máis dunha vez na mesma sala dentro deste programa.
- A sala está na obriga de cobrar entrada en todos os concertos tendo en conta os prezos mínimos:
  - o Ata 500 € de caché: 2 €
  - o Mais de 500 € de caché: 3 €

## **2. PROCESO DE PROGRAMACIÓN**

- O período de programación será de **xaneiro a decembro** de 2008 (quedan fóra os meses de xullo e agosto)
- os grupos de música ou solistas deberán cubrir a ficha técnica artística a través da páxina web: [www.galescena.info/musicavivo](http://www.galescena.info/musicavivo) do **5 de xullo ao 3 de agosto**.
- as salas elaborarán a súa preprogramación a través da mesma páxina **do 6 de agosto ao 15 de setembro**. A partir dese momento, o IGAEM comprobará as programacións realizadas e seleccionará os grupos que teñen os 6 concertos mínimos requiridos para ser programados.
- Este novo listado seralles remitido ás salas para que comprobem se teñen que variar ou non a súa programación. Este prazo será **do 16 ao 30 de setembro**.
- Cas programacións definitivas, o IGAEM asinará os contratos cos grupos e salas e realizará os soportes publicitarios necesarios.